



PROGRAMACIÓN DE HARMONÍA

(GRAO PROFESIONAL)

DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN

Contenido

1. Introducción	3
2. Obxectivos das ensinanzas	4
2.1.Obxectivos xerais do Grao Profesional.....	4
3. Obxectivos específicos	5
3.1 Grao Profesional	5
4. Metodoloxía	6
5. Atención á diversidade.....	7
6. Temas transversais	8
6.1.Educación en valores.....	8
6.2.Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	9
7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	9
8. Secuenciación do curso.....	9
Curso 3º GP	9
8.1.Obxectivos	9
8.2.Contidos.....	10
8.3.Avaliación	11
8.4.Medidas de recuperación.....	13
8.5.Recursos didácticos.....	14
Curso 4º GP	14
8.1 Obxectivos	14
8.2 Contidos.....	15
8.3 Avaliación.....	16
8.4 Medidas de recuperación.....	18
8.6.Recursos didácticos.....	19

1. Introducción

A linguaxe musical occidental inclúe unha multiplicidade de elementos que, aínda que distintos no conceptual e, por tanto, divisibles analíticamente, percibimos dun xeito unitario nun contexto musical. A harmonía ocúpase, por unha banda e dentro dunha consideración morfolóxica, do que se produce nun mesmo instante temporal, e por outra parte, dentro do sintáctico, da súa relación co que a antecede e co que a segue: a súa función no contexto de que forma parte.

Nas ensinanzas profesionais de música o ensino da harmonía estará centrado, basicamente, no estudo do sistema tonal, pero sempre considerado baixo un dobre prisma sincrónico-diacrónico: por unha banda, considerando que o sistema tonal posúe unas estruturas pechadas en si mesmas, que precisamente son estudables e analizables pola permanencia que leva consigo o feito de que as devanditas estruturas estean estreitamente conectadas a un estilo perfectamente definido; por outra banda, non se pode perder de vista no estudo da harmonía que cada estilo ocupa o seu lugar no devir diacrónico da linguaxe musical de occidente, e que nos seus elementos e procedementos de seu propio pasado e, en forma latente, as consecuencias da súa propia evolución.

O alumno aprenderá os aspectos morfolóxicos e sintáctico da harmonía tonal. Co fin de facilitar a súa aprendizaxe e avaliar o seu aproveitamento, desenvólvense desde un tratamento esencialmente vertical, case homofónico da realización da harmonía

Fomentárase dende o principio do estudo desta materia, a propia capacidade creativa do alumnado e non só no relativo á composición íntegra de exercicios dentro dos supostos estilísticos estudados, senón mesmo no referente a pequenas pezas libres, vocais ou instrumentais a través das cales desenvolva a súa espontaneidade creativa e aprenda gradualmente a resolver os problemas-referentes tanto á harmonía como á forma, á textura, aos contrastes de todo tipo, etc- que o feito musical vai xerando no seu crecemento.

FUNDAMENTACIÓN LEGAL

A presente Programación didáctica baséase, en primeiro lugar na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, que incide nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidade *proporcionar ó alumnado unha formación artística de calidade*. Por iso, todos os departamentos constituíntes do conservatorio deben mellorar os aspectos que, anteriormente, puideron desatenderse.

Dado que a LOE, concede total liberdade ás comunidades autónomas, a comunidade de Galicia desenvolveu os Decretos 198/2007, e 203/2007 do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do Grao Elemental e Profesional das ensinanzas de réxime especial de música. Este Decreto complementábase co Decreto 223/2010, do 30 de setembro, que establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais en Galicia e a orde do 4 de agosto de 2011

que desenvolve o citado decreto. Por último, é necesario ter en conta a Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

Logo de publicar a Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021-2022 a Consellería dita instrucións para a organización das ensinanzas de réximen especial para o curso 2021-2022 donde se reflicha un cambio no calendario de final de curso.

2. Obxectivos das ensinanzas

2.1.Obxectivos xerais do Grao Profesional

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes;

- Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as función e as transformacións nos contextos históricos.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- Fomentar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable de conxunto.
- Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fora dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que componen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas esixencias das obras.

- Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e as épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa

3. Obxectivos específicos

3.1 Grao Profesional

As ensinanzas da harmonía dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, función e transformacións nos contextos históricos.
- Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal
- Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos
- Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados da harmonía tonal
- Identificar a través da análise de obras os acordes, os procedementos máis común da harmonía tonal e as transformacións temáticas
- Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical
- Aprender a valorar a calidade da música
- Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que puidese presentarse tanto en músicas propias ou alleas como en harmonización xeradas por medios electrónicos de xeito automático.
- Tocar esquemas básicos no piano

- Ser capaz de tocar os traballos realizados no piano

4. Metodoloxía

A materia de Harmonía se imparte en clases colectivas, polo tanto a maior parte dos coñecementos se transmitirán segundo o modelo de clase maxistral. Por esto mesmo o profesor dedicará sempre unos minutos a traballar con cada alumno individualmente para un mellos seguimento do aprendizaxe.

As estratexias metodolóxicas adaptaranse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o tempo disponible e os espazos e recursos cos que se conte.

Os principios metodolóxicos son os seguintes:

- **Actividade:** a materia de harmonía require unha serie de destrezas que se adquiren mediante a práctica.
- **Creatividade:** toda a actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación para conseguir que os alumnos non sexan unos meros repetidores.
- **Individualización:** deberemos traballar individualmente con cada alumno para poder correxir os distintos traballos que se fagan en clase.
- **Convivencia:** se creará un clima de convivencia e cordialidade entre todos os alumnos
- **Significación:** tendremos que presentar o que se aprende como algo que será útil en outras situación

Os métodos didácticos a empregar serán os seguintes:

- Un aprendizaxe significativo: de tal maneira que a adquisición de coñecemento polo alumno se realice construindo os seus propios esquemas sobre unha información que xe ten
- Un modelo constructivista: o alumno deberá elaborar significados propios a partir de coñecementos previos.

5. Atención á diversidade

Faise necesario considerar a atención ao ANEE (alumnado con necesidades educativas específicas), que inclúe extranxeiros, superdotados e os que posúen necesidades educativas especiais, sexa por sufrir unha discapacidade física ou psíquica (sobre todo nas ensinanzas de réxime xeral).

Alumnado estranxeiro

Os dous problemas mais destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plans de estudo, nalgunhas zonas exclusivamente ligadas á práctica instrumental). O principio de integración pasa por coidar as actividades formuladas, intentando aproveitar os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país..). No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental deste tipo de ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos procurárase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de forma que a súa integración véxase favorecida.

Superdotación intelectual

Defínese ao individuo superdotado como aquel que posúe aptitudes excepcionais e polo tanto, capaz de obter un rendemento superior á media. O Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente, trata no seu artigo 9 os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveis para os alumnos superdotados intelctualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica para dito alumno.

Hai que distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Un suxeito ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados, debemos engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no R.D 943/2003, ou ben elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o seu curso), de xeito que poda render segundo as súas propias capacidades.

Alumnado con necesidades educativas especiais

A atención á diversidade chega ao seu máximo exponente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación dos recursos materiais, ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, coa conseguinte adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, xa que como facultade humana, a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación, ou sobre a maneira de asumir o seu problema.

Dadas as características de estas ensinanzas, non se considera na P.D. a existencia de alumnado con discapacidade intelectual, aínda que si con discapacidade física, pero se sedera ese caso tomariáanse as medidas oportunas para solventar ou adaptarse a ese problema, dependendo da discapacidade intelectual.

6. Temas transversais

6.1. Educación en valores

Con esta programación farase fincapé na educación en valores:

- Inculcar e fomentar o rechazo a calquera tipo de discriminación baseada en diferenzas de sexo, raza, clase social e ideoloxía e categoría profesional (Educación para a PAZ e Educación para a Igualdade de Oportunidades de ambos sexos e prevención da violencia de xénero): nas clases colectivas, actividades como cantar, favorecen as relación entre o alumnado.
- Adquisición de hábitos da vida saudable e deportiva (Educación para a Saúde). A respiración, o coñecemento do corpo, as técnicas de relaxación, etc, permiten ao alumnado apreciar a importancia do coidado da saúde.
- Educación ambiental, respecto pola natureza e os seres vivos.
- Coñecemento das crenzas, actitudes e valores da nosa tradición e patrimonio cultural. A música en si mesma é patrimonio cultural de todos os pobos. Nestas clases faremos

fincapié na tradición propia como a estranxeira, valorando a riqueza da que disponemos para formarnos como persoas.

6.2.Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

No referido ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) , a utilización dos medios informáticos supón un importante complemento para o traballo na aula, ampliando os recursos e procedementos. Como se demostró no curso pasado , coa pandemia, o coñecemento das ferramentas de traballo dixitais é fundamental hoxe en día.

Unha vez superada a pandemia e de volta ás aulas de forma presencial, as solicitudes para as conexións online nun momento determinado e debido a causas determinadas, continuaron ata o final de curso. Alumnos en cuarentena, alumnos cursando estudos universitarios, ou alumnado que por diversos motivos non podían asistir a clases nun día determinado, poideron seguir a materia utilizando a videoconferencia.

A utilización das tecnoloxías dixitais na aula de armonía , continuará e se reforzará como ferramenta de traballo.

7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O departamento didáctico dentro das disponibilidades do centro, organizará diferentes actividades, co fin de complementar a aprendizaxe da materia, e mediante a participación activa de todo o alumnado.

Ditas actividades consistirán en recitais, concursos temáticos, concertos didácticos, saídas a exposicións, concertos e diferentes actividades relacionadas coa música

8. Secuenciación do curso

Curso 3º GP

8.1.Obxectivos

- Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal, as súas funcións características e función.
- Utilizar en traballos escritos os elementos e procedementos básicos da harmonía tonal

- Desenvolver o oído harmónico e a capacidade de escoitar internamente encadeamentos tonais simples tanto na análise como na realización de exercicios escritos
- Identificar a través da audición a funcionalidade e a natureza dos acordes propios da tonalidade e os procedementos máis comúns da harmonía tonal..
- Aprender a valorar a calidade da música
- Ter actitude crítica ante á escasa calidade harmónica que puidera presentarse tanto en músicas propias como alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.
- Tocar esquemas básicos no piano nos que se presenten acordes propios da tonalidade
- Ser capaz de tocar os traballos realizados no piano

8.2.Contidos

- O acorde
- Consonancia e disonancia
- Enlace de acordes
- Estado fundamental dos acordes tríadas en todos os graos da escala
- Primeira inversión dos acordes tríadas
- Segunda inversión dos acordes tríadas: acorde de cuarta e sexta de paso, amplificación e cadencial
- Acorde de sétima sobre a dominante fundamental e inversións
- Acorde de sétima diminuída e sensible de ambos modos, fundamental e inversións
- Cadencia : perfecta, plagal e rota
- Procesos cadenciais
- Serie de sextas
- Progresións unitonales

8.3.Avaliación

A avaliación terá un carácter formativo co fin de detectar as dificultades que se produzan e ofrecer medidas de reforzó en calquera momento do curso.

A avaliación será un proceso obxectivo que terá en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística. O profesor utilizará diferentes ferramentas que permita valorar o que se quere medir , que en este caso se trata da consecución dos obxectivos do curso

8.3.1. Criterios de avaliación

- Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado dado. Se comprobará o dominio do alumno no referente á mecánica de encadeamento de acordes e a súa aplicación a unha realización coidada e interesante dende o punto de vista musical
- Realizar exercicios de harmonización a partir de tiple dados. Se avaliará a capacidade para empregar cun sentido sintáctico os acorde e procedementos harmónicos por medio dunha realización coidada e interesante, con especial atención á voz do baixo
- Realizar exercicios de harmonización a partir de baixos sen cifrar dados. Se avaliará a capacidade do alumnado para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos, así como a súa habilidade para a consecución dunha realización correcta e interesante dende o punto de vista musical, con atención á voz de soprano.
- Compor exercicios breves a partir dun esquema harmónico dado ou propio. Permitirá avaliar a capacidade do alumnado para crear na súa integridade pequenas pezas musicais a partir das indicacións harmónicas esquemáticas ou dos procedementos que se lle propoñan.
- Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Se poderá avaliar o progreso da habilidade auditiva do alumnado.
- Identificar auditivamente os principais procedementos sintácticos da harmonía tonal. Permitirá avaliar o progreso da habilidade auditiva do alumno no recoñecemento do papel funcional xogado polos acordes dentro dos elementos formais básicos (cadencia, progresións etc).
- Identificar auditivamente estruturas formais concretas. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para identificar a forma en que está construída unha obra, así como para comprender a estreita relación entre a devandita forma e os procedementos harmónicos empregados

- Identificar mediante a análise de obras, os elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Se poderá avaliar a habilidade do alumnado no recoñecemento dos acordes estudados e a súa comprensión desde o punto de vista estilístico.
- Identificar ,mediante a análise de obras, os procedementos sintácticos e formais da harmonía tonal. Se avaliará a habilidade do alumno no recoñecemento de os procedementos harmónicos estudados.
- Identificar, mediante a análise de obras, os procedementos de transformación temática. Se avaliará a capacidade do alumnado para recoñecer as transformacións temáticas dos materiais que interveñen nunha obra a súa relación co contexto harmónico e estilístico.
- Identificar auditivamente erros en exercicios

8.3.2. Mínimos esixibles

Os mínimos esixibles son o dominio de cada un dos obxectivos marcados neste curso nesta programación.

8.3.3. Procedementos e ferramentas

Os procedementos que se emplearán para levar a cabo a avaliación son os seguintes:

- rexistro no diario do profesor das clases
 - Exercicios de baixos e tiple
 - Análise de pezas ou fragmentos de diferentes pezas musicais
 - Escritura a 4 voces
 - Realización de ditados harmónicos

8.3.4. Criterios de cualificación

A ponderación das diferentes partes de cara a avaliación é a seguinte:

- Traballos en casa: 30%
- Examen trimestral: 65%
- Participación, entrega de traballos a tempo, interés, comportamento, traballo en clase: 5%

- A nota media se calculará unha vez que o alumno obteña un 5 no examen trimestral

Os traballos en casa serán unha ferramenta de control en canto o alumno está asimilando correctamente os contidos dados na aula. Ditos traballos contarán un 30% na nota trimestral e serán presentados a través da aula virtual que se pondrá en funcionamento ó comenzo do curso. Cada semana se añadirá na aula virtual un baixo para armonizar. O alumno terá 15 días para entregalo. O profesor devolverá o exercicio debidamente correxido e puntuado.

8.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para a concesión da ampliación de matrícula se avaliará a excelencia do alumno que aspira a ampliación, mediante un examen onde terá que demostrar ter alcanzado todos os obxectivos do curso.

8.4. Medidas de recuperación

As medidas de recuperación serán necesarias no caso do que o alumno non acade os contidos mínimos esixibles ou perda o dereito a avaliación continua por acumulación de faltas de asistencia.

O número de faltas de asistencia polas que se perde a avaliación continua está reflexado no PEC

8.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

A medida de recuperación mais importante é a asistencia regular a clase, a realización das tarefas de clase e a realización das tarefas que figuren para entregar a través do aula virtual.

Na materia de armonía, nas probas escritas do segundo trimestre se incluírán materia do primeiro e nas probas do tercer trimestre se incluírá materia do segundo. De esta forma o alumnado poderá ir recuperando a materia pendente. Os alumnos que no tercer trimestre non superen dita proba poderán facer un segundo exercicio que abarque todos os contidos dados durante o curso. Dito examen se fará antes da avaliación final do mes de maio.

O alumnado que no asista a clase poderá presentarse a cada un dos exámenes trimestrais a nota de cada exercicio será cualificada cunha ponderación dun 70%.

8.4.2. Probas extraordinarias

No caso de alumnado do que o profesor non pode ter rexistros pola falta de asistencia a clase durante o curso, e teña suspenso ou non presentado os exames trimestrais deberá facer unha única proba no mes de Xuño. Dita proba abarcará todos os contidos dados durante o curso.

Dito exercicio será cualificado cunha ponderación do 70%.

Os alumnos que aínda de ter unha asistencia regular as clases e un traballo regular durante o curso, suspendan a materia na avaliación final do mes de maio, poderán presentarse a proba extraordinaria do mes de xuño. O exercicio deberá abranger os contidos dados durante o curso. A ponderación de dito exercicio será a mesma que durante o curso.

8.5. Recursos didácticos

- Pizarra e papel pautado
- Piano
- Equipo de música
- Partituras para a análise
- ordenador
- Libro de texto: Teoría y Práctica de la Armonía Tonal. El acorde de tres sonidos. Luis Blanes Arques. Editorial Real Musical

Curso 4º GP

8.1 Obxectivos

- Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal, as súas funcións características e función.
- Utilizar en traballos escritos os elementos e procedementos básicos da harmonía tonal
- Desenvolver o oído harmónico e a capacidade de escoitar internamente encadeamentos tonais simples tanto na análise como na realización de exercicios escritos

- Identificar a través da audición a funcionalidade e a natureza dos acordes propios da tonalidade e os procedementos máis comúns da harmonía tonal..
- Aprender a valorar a calidade da música
- Ter actitude crítica ante á escasa calidade harmónica que puidera presentarse tanto en músicas propias como alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.
- Tocar esquemas básicos no piano nos que se presenten acordes propios da tonalidade
- Ser capaz de tocar os traballos realizados no piano

8.2 Contidos

- Sétima de dominante
- Sétima diminuída e sensible
- As dominantes secundarias
- Modulación diatónica, cromática e enarmónica
- Progresións modulantes
- Acordes de sétima sen función de dominante
- Acorde de sexta aumentada
- Acorde de sexta napolitana
- Notas de adorno: paso, floreos, apoiaturas, retardos
- Armonización dunha melodía
- Nota pedal
- Acorde sobretónica

8.3 Avaliación

A avaliación terá un carácter formativo co fin de detectar as dificultades que se produzan e ofrecer medidas de reforzamento en calquera momento do curso.

A avaliación será un proceso obxectivo que terá en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística. O profesor utilizará diferentes ferramentas que permita valorar o que se quere medir, que en este caso se trata da consecución dos obxectivos do curso

8.3.1 Criterios de avaliación

- Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado dado. Se comprobará o dominio do alumno no referente á mecánica de encadeamento de acordes e a súa aplicación a unha realización coidada e interesante dende o punto de vista musical
- Realizar exercicios de harmonización a partir de tipes dados. Se avaliará a capacidade para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos por medio dunha realización coidada e interesante, con especial atención á voz do baixo
- Realizar exercicios de harmonización a partir de baixos sen cifrar dados. Se avaliará a capacidade do alumnado para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos, así como a súa habilidade para a consecución dunha realización correcta e interesante dende o punto de vista musical, con atención á voz de soprano.
- Compor exercicios breves a partir dun esquema harmónico dado ou propio. Permitirá avaliar a capacidade do alumnado para crear na súa integridade pequenas pezas musicais a partir das indicacións harmónicas esquemáticas ou dos procedementos que se lle propoñan.
- Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Se poderá avaliar o progreso da habilidade auditiva do alumnado.
- Identificar auditivamente os principais procedementos sintácticos da harmonía tonal. Permitirá avaliar o progreso da habilidade auditiva do alumno no recoñecemento do papel funcional xogado polos acordes dentro dos elementos formais básicos (cadencia, progresións etc).
- Identificar auditivamente estruturas formais concretas. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para identificar a forma en que está construída unha

obra, así como para comprender a estreita relación entre a devandita forma e os procedementos harmónicos empregados

- Identificar mediante a análise de obras, os elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Se poderá avaliar a habilidade do alumnado no recoñecemento dos acordes estudados e a súa comprensión desde o punto de vista estilístico.
- Identificar , mediante a análise de obras, os procedementos sintácticos e formais da harmonía tonal. Se avaliará a habilidade do alumno no recoñecemento de os procedementos harmónicos estudados.
- Identificar, mediante a análise de obras, os procedementos de transformación temática. Se avaliará a capacidade do alumnado para recoñecer as transformacións temáticas dos materiais que interveñen nunha obra a súa relación co contexto harmónico e estilístico.
- Identificar auditivamente erros en exercicios

8.3.2 Mínimos esixibles

Os mínimos esixibles son o dominio de cada un dos obxectivos marcados neste curso nesta programación.

8.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos que se emplearán para levar a cabo a avaliación son os seguintes:

- Exercicios de baixos e tiple
- Análise de pezas ou fragmentos de diferentes pezas musicais
- Escritura a 4 voces
- Realización de ditados harmónicos

8.3.4 Criterios de cualificación

A ponderación das diferentes partes de cara a avaliación é a seguinte:

- Traballos en casa: 30%
- Examen trimestral: 65%

- Participación, entrega de traballos a tempo, interés, comportamento, traballo en clase: 5% .
- A nota media se calculará sempre e cando o alumno acade un 5 na proba escrita

Os traballos en casa serán unha ferramenta de control en canto o alumno está asimilando correctamente os contidos dados na aula. Ditos traballos contarán un 30% na nota trimestral e serán presentados a través da aula virtual que se pondrá en funcionamento ó comenzo do curso. Cada semana se añadirá na aula virtual un baixo para armonizar. O alumno terá 15 días para entregalo. O profesor devolverá o exercicio debidamente correxido e puntuado.

8.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para a concesión da ampliación de matrícula se avaliará a excelencia do alumno que aspira a ampliación, mediante un examen onde terá que demostrar ter alcanzado todos os obxectivos do curso.

8.4 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación serán necesarias no caso do que o alumno no acade os contidos mínimos esixibles ou perda o dereito a avaliación continua por acumulación de faltas de asistencia.

O número de faltas de asistencia polas que se perde a avaliación continua está reflexado no PEC

8.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

A medida de recuperación mais importante é a asistencia regular a clase, a realización das tarefas de clase e a realización das tarefas que figuren para entregar a través do aula virtual.

Na materia de armonía, nas probas escritas do segundo trimestre se incluírán materia do primeiro e nas probas do tercer trimestre se incluírá materia do segundo. De esta forma o alumnado poderá ir recuperando a materia pendente. Os alumnos que no tercer trimestre non superen dita proba poderán facer un segundo exercicio que abarque todos os contidos dados durante o curso. Dito examen se fará antes da avaliación final do mes de maio.

O alumnado que no asista a clase poderá presentarse a cada un dos exámenes trimestrais a nota de cada exercicio será cualificada cunha ponderación dun 70%.

8.4.2 Probas extraordinarias

No caso de alumnado do que o profesor non pode ter rexistros do alumno pola falta de asistencia a clase durante o curso, e teña suspenso ou non presentado os exámenes trimestrais deberá facer unha única proba no mes de Xuño.

Dito exercicio será cualificado cunha ponderación do 70%.

Os alumnos que aínda de ter unha asistencia regular as clases e un traballo regular durante o curso, suspendan a materia na avaliación final do mes de maio, poderán presentarse a proba extraordinaria do mes de xuño. O exercicio deberá abranger os contidos dados durante o curso.

8.6.Recursos didácticos

- Pizarra e papel pautado
- Piano
- Equipo de música
- Partituras para a análise
- ordenador
- Libro de texto: Armonía de Walter Piston